



Don JOSE LUIS RODRÍGUEZ VARELA, na súa calidade de viceportavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal a seguinte :

## **PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A MELLORAR A SITUACIÓN ACTUAL NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As empresas instaladas no polígono industrial do Reboredo están a sufrir deficiencias nun servizo básico como é o abastecemento de auga. Non só falta presión, senón que se producen cortes frecuentes, como pasa, por desgracia noutras zonas da cidade.

Son moitas as empresas que precisan, para o desenrolo da súa actividade, o correcto funcionamento da auga, pero en xeral, unha rede de abastecemento da auga correcta é importante para calquera empresa, independentemente de que unhas precisen máis auga ca outras.

A depuradora é outro problema. Recentemente aprobábase no pleno unha nova prórroga do remate das obras por non ter previsto unha serie de execucións necesarias no proxecto de inicio, que agora é necesario facer. Esta demora dana gravemente os intereses das empresas.

O estacionamento comprometido por este equipo de goberno segue pechado, a pesar de estar practicamente rematado, sen coñecer os motivos reais de esta situación.

Por último, o acceso desde a Nacional 120 non está correctamente sinalizado, faltando iluminación e cun firme de acceso deteriorado polas continuas roturas de abastecemento da auga.

Por todo o exposto, presentamos ao pleno da corporación municipal a seguinte proposta de acordos para o seu debate e aprobación:

- Mellorar de forma urxente os problemas de falta de presión de auga e sucesivos cortes que están a sufrir todas as empresas do polígono industrial do Reboredo de Monforte de Lemos.
- Rematar a depuradora antes de finalizar o presente mandato
- Instar ao Ministerio de Transportes a colaborar para mellorar os accesos ao polígono industrial.
- Poñer en servizo o aparcadoiro no menor prazo de tempo posible, sempre antes do remate do presente mandato.